

PRAZA DA CULTURA ▼ hai 17 horas | [Cultura](#) |

# A non perder!

Redacción | [@prazapublica](#)

## Delrevés Danza Vertical, no Teatro Principal de Santiago

Delrevés Danza Vertical presenta *Uno* este venres dentro de Danza a Escena, un circuíto artístico promovido polo INAEM e desenvolvido por La Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidade pública e que recalca este ano por vez primeira Santiago de Compostela. Este espectáculo poderemos veo a partir das 19.00 h na Praza da Peixería Vella con entrada libre. A compañía Delrevés escolle o equilibrio como punto de partida do seu novo proxecto. Toman como referencia a Leonardo Da Vinci e o seu traballo en torno ao equilibrio universal. Utilizan imaxes de obras como O Home de Vitrubio, símbolo da simetría básica do corpo humano e, por extensión, do universo no seu conxunto.

Como metodoloxía elixen a fusión de pezas de danza clásica e imaxes de break dance e danza contemporánea. Nesta nova peza, propoñen descontextualizar a danza clásica, trasladándoa a un plano vertical. Reproducen pezas clásicas famosas que o público identificará e á súa vez, traballan na de-construcción das mesmas, xerando outra linguaxe corporal. Recomplilan material dos ballets *O lago dos cisnes*, *O crebanoces* e *Giselle* entre outras. Tres persoas. Unha parede. Conversacións a través do movemento. 'uno' fala da importancia de pertencer, de estabilizar o desequilibrio, de ter todo baixo control, do medo a mirar, ás miradas, de coñecerse a un mesmo, do medo. A soildade. Avanzar, correr, quizá escapar, perseguir que? que? Interaccións, comportamentos e estruturas de movemento aplicando a sucesión matemática de